

Expediente núm.: 424/2019

Procedemento: Selección de Persoal laboral temporal ao abeiro da subvención do POS 2019-LIÑA 3(chófer-condutor/a, catro peóns de limpeza, tres peóns forestais e un animador/a sociocultural). **LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS E VALORACIÓN DE MÉRITOS.**

DECRETO

Por Decreto de Alcaldía nº 2019-0329 de 2 de abril aprobáronse as Bases de selección para a contratación temporal dun chófer-condutor/a, catro peóns de limpeza, tres peóns forestais e un animador/a sociocultural, de conformidade coas Bases e Convocatoria do Plan Provincial de obras e servizos, Plan Concellos 2018-2019.

De conformidade coa base 9ª das Bases de Selección aprobadas, o Tribunal Cualificador do proceso selectivo, designado mediante Decreto Número: 2019-0334 Data: 3/04/2019, reuniuse o 12 de abril de 2019 co obxecto de supervisar as solicitudes, ditaminar os candidatos admitidos e excluídos, formulando proposta definitiva de candidatos admitidos e excluídos, e valoración de méritos.

De conformidade coa proposta formulada polo Tribunal Cualificador e de conformidade coa base 10ª da convocatoria, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Ley 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar as listas definitivas de candidatos admitidos e excluídos, e a valoración de méritos, por orde de puntuación, de conformidade coa proposta formulada polo tribunal cualificador do proceso de selección, concedéndolles un prazo de dous días hábiles para que formulen reclamacións e emendas pertinentes, en relación coa baremación.

SEGUNDO. Convocar os aspirantes admitidos para o xoves día 25, no Centro de Desarrollo Local (CDL) de o Torrón, para a realización da proba práctica nos seguintes horarios:

- Animador/a sociocultural ás 9:00 horas.
- Peóns de limpeza ás 9:30 horas.
- Peóns forestais ás 10:30 horas.
- Chófer-condutor ás 11:45 horas.

A proba do CELGA (proba de galego) realizarase o **venres día 26 de abril ás 10:00h na Casa da Cultura**, para todos os grupos e só para aqueles aspirantes que non acreditasen estar en posesión do mencionado título.

TERCEIRO. Publicar no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica.

CUARTO. Dar conta deste Decreto ao Pleno nos termos establecidos legalmente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE